

A RAÍÑA VICTORIA E ABDUL

288

[Stephen Frears, 2017]

ESTREA EN NUMAX: 29.09.2017 | V.O.S.E. | TP

FICHA TÉCNICA

Victoria and Abdul (2017, 112')

Dirección: Stephen Frears

Guión: Lee Hall (Novela: Shrabani Basu)

Elenco: Judi Dench, Eddie Izzard, Adeel Akhtar, Tim Pigott-Smith, Ali Fazal, Robin Soans, Jonathan Harden, Sukh Ojla

Son: Becki Ponting

Montaxe: Melanie Oliver

Fotografía: Danny Cohen

Vestuario: Consolata Boyle

Dirección de arte: Sarah Finlay, Adam Squires

Música: Thomas Newman

Produtoras: BBC Films, Cross Street Films, Working Title Films (Reino Unido)

Distribuidora: Universal

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés, urdu, indi

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Philomena, 2013

La reina, 2006

Alta fidelidad, 2000

The Grifters (Los timadores), 1990

Las amistades peligrosas, 1988

Ábrete de orejas, 1987

Mi hermosa lavandería, 1985

PREMIOS E FESTIVAIS

Festival de Venecia 2017 (estrea)

SINOPSE

A historia dunha extraordinaria e inesperada amizade que xorde nos últimos anos do reinado da soberana Victoria (a oscarizada Judi Dench). Abdul Karim, un mozo secretario indio, desprázase desde a India a Gran Bretaña para participar no Xubileo dos 50 anos de reinado e fica sorprendido ao descubrir que a soberana se interesa por el.

«Unha representación conmovedora dunha muller maior illada que encontra alegría e lixeireza nos seus últimos anos. Judi Dench está irrestíbel»

David Rooney,
THE HOLLYWOOD REPORTER



“Trump aprendería algo sobre o respecto a outras culturas se vise o filme”

Entrevista con Stephen Frears

Por Nando Salvà

Vostede declárase antimonárquico pero este é o seu segundo filme sobre unha raíña británica. Como o explica?

Non son monárquico pero si que me fascinan as raíñas. En primeiro lugar porque claramente son figuras maternas. E en segundo lugar porque fai falla moito valor para estar nesa posición, non somos capaces sequera de imaxinar que duro debe ser ocupala. Non hai moito o príncipe Harry confesou, que actualmente ninguén na Casa Real quere ser rei, e podo entendelo: ten que ser o traballo máis insoportábel do mundo.

O seu filme evita reflexionar sobre os aspectos máis problemáticos do colonialismo británico da época. Mire eu dedícome a entreter, non dou leccións de historia. Non aspiro a mellorar o mundo, só quero que a xente o pase ben. E aínda así estou seguro de que o meu filme dá ao público máis elementos de reflexión que a maior parte do cinema que se estrea cada semana. Estou seguro de que Donald Trump aprendería algo sobre o respecto a outras culturas se a vise, aínda que dubido que o faga. É máis: coído que alguén tan obtuso como Theresa May aprendería algo ao velo.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Cre que de telo estreado hai ano e medio, o seu filme podería ter axudado a evitar o Brexit?

Non creo que o problema que sofre o meu país teña que ver co multiculturalismo. Gran Bretaña era un lugar intolerante e racista nos anos 50, cando eu era un neno, pero hoxe xa non. A meirande parte da xente é tolerante. O que pasa é que o pobo estaba farto do goberno e simplemente votou na súa contra. Non sei que podería ter evitado o Brexit.

Vostede xa traballou con Judi Dench en *Philomena* (2013) e nos dous filmes a actriz ofrece un traballo magnífico. Correspóndelle a vostede parte do mérito?

Por suposto que non! Judi leva actuando uns 5.000 anos e é unha das actrices máis extraordinarias e disciplinadas que existen. Que lle podo ensinar eu? Son como Woody Allen, contrato actores moi bos e así non teño que dicirlles nada. Limitóme a poñer as condicións necesarias para que fagan o seu traballo e manteño a boca pechada.

Ese pragmatismo tamén é evidente na súa maneira de rodar. Vostede ponse ao servizo da historia sen tentar impoñer o seu propio estilo. É que non teño estilo! Fáltame imaxinación e intelixencia para ser un estilista. O meu talento é moi limitado. Só son capaz de manexar un texto e un grupo de actores, e nada máis. Cando vexo filmes de directores como Michael Haneke e David Cronenberg asústome ao ver o listos que son eles e o zoquete que son eu.

Moitos dos seus filmes son historias baseadas en feitos reais. Que lle atrae delas?

Encarnan desafíos interesantes, porque tes que ser fiel á historia e cos seus protagonistas, precisan tratalos co tacto e a imparcialidade necesarios. Por suposto, como director tes menos liberdade artística, especialmente cando a xente todavía está viva. Tes que levar a cabo unha investigación moi precisa e demostrar certa empatía. Gústame.

Lembra cando empezou a interesarse polo cinema?

De neno soía ir a miúdo ao cinema, porque medrei en Leicester e alí non había moito máis que facer. O meu primeiro filme foi *Pinocho* (Ben Sharpsteen & Hamilton Luske, 1940), tiña eu 5 ou 6 anos. Tiven que saír do cinema porque ao ver a escena na que a balea o come empecei a chorar e a berrar coma un tolo. En calquera caso, o cinema sempre foi unha parte da miña vida. Era lóxico que terminase dedicándome e isto.

Cre que cambiou substancialmente como cineasta desde que dirixiu filmes como *Mi hermosa lavandería* (1985) e *Ábrete de orejas* (1987), hai tres décadas?

Quero crer que a idade me proporcionou certa sabedoría. Ou cando menos teño máis experiencia. Son moito máis rápido na toma de decisións. Como dixen, basicamente escoito os meus instintos e a estas alturas sei que podo confiar neles. Son mellor cineasta agora que entón? Non o creo.

Publicado en www.elperiodico.com/
Tradución: Xan Gómez Viñas

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABONATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX